

GALEGOS
NA ESCALEIRA

XURXO LOBATO

Luz Pozo

MANUEL ÁLVAREZ TORNEIRO

O piano: a *transparencia do primeiro Chopin*. O mar de Ribadeo. O mar de Vigo, a *luz que modifica a doutrina dos astros*. Santiago: *liña espiral da chuvia na memoria*. A memoria. O amor: Eduardo: *Os amorosos días inventaban a vida*. E a luz. A afirmación lírica, plástica ou musical: a varia expresión tan requintada da poeta nun intento de achegarnos á Divinidade. A invención, a recreación do mundo na palabra que soa ou colorea. E o convencemento que temos de que todo chega de quen xa é mesmo a beleza física, e unha sorte de clemencia no sorriso —sempre o sorriso-luz— cando no mundo andan a soterrar as lámpadas da razón e os escuros conspiran o amparo da ganga e do rebumbio.

E os anxos polo insomnio das tardes, a gaita, a chuvia delicada sobre un mundo mancado. E Compostela: *campás de violeta vadean o silencio*. E o soño, o *mar azul e tépedo*. Crepúsculos e xardíns interiores. E o perdido. E Beethoven, e Pimentel, e Aleixandre, e Borges. E o paxaro na boca. E a palabra saboreada coma un froito orixinal, primixenio, recén descuberto.

Véxoa xunto a
fiestra do esplendor
atlántico. Sempre o
mar na mirada, e
agora, o da Coruña

E a exuberancia gozosa, tremente dun instante. A fugacidade das cousas. E a fragilidade da inocencia, a desolación, a dor, a morte... E de novo a primeira memoria, e unha bágoa por Romy Schneider, e o Lugo daquela música invulnerable

que escoitaba Pimentel, e isa tan precisa e tan humana tristeza que nos colle da man e nos vai levando. E o vello piano *dun reino fuxitivo*. E aquel loiro rapaz nórdico que no patio de Christ Churt College tocaba unha invención de Bach.

E outra vez a chuvia, Rosalía, Cunqueiro, Castrelos, O Cebreiro, Bembibre... *Habrá sen resposta / un aire oscuro mesmo un laio / unha liña esfiada / a verba esquiva do misterio*.

A Luz Pozo Garza véxoa xunto a fiestra do esplendor atlántico. Sempre o mar na mirada, e agora, o da Coruña. Ven de rematar o seu paseo en bicicleta: unha afección que practica dende moito antes da actual moda do pedal, e revisa os textos nos que está a traballar un día e outro día co invariable entusiasmo de poeta, ensaísta ou catedrático, que as tres cousas é. Quizais sexan os orixinais para o novo número da revista *Nordés* que ela fundou e actualmente dirixe: nave de ensoñacións e confianza; quizais novos poemas, ou estudos sobre poetas e mundos poéticos.

A tarde culmina con Chopin e o anxo das ilustracións miranos baixo a estrela recén debuxada por Luz. As veces o rotulador verde, azul ou lila, perfila a outra metáfora posible, traza a viñeta de delicada liña ou escribe a dedicatoria do seu último libro con destino a un *compañeiro de navegacións poéticas*. E cando un pensa que a vida nos regala un instante perfecto *aínda que sexa ben doado confundir a materia dos días e a lámina dos soños*.

Todo un luxo de equilibrio e de armonía no baratillo dos días que nos tocaron vivir.



A poetisa é todo un luxo de equilibrio e de armonía